



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de agosto de 2018
Duración	Desde as 21:30 ata as 22:25 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN (en calidade de Alcalde en funcións)
Secretaria accidental	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	NON
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
33244650J	MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS	SÍ

Concello da Estrada



35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	NON
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS: «DECRETO DE DELEGACIÓN Nº 2018-0915»		

Unha vez verificada pola Secretaría accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Dado que a orde do día desta sesión non conta con parte resolutive e antes de entrar na parte de Xestión e Control, o Sr. Alcalde en funcións, en calidade de Presidente, propón que se inclúa fóra da Orde do Día a proposta que a continuación se trata:

A) PARTE RESOLUTIVA

FÓRA DA ORDE DO DÍA: PROPOSTA DE CAMBIO DA DATA DE CELEBRACIÓN DA PRÓXIMA SESIÓN ORDINARIA A CELEBRAR POLO PLENO DA CORPORACIÓN.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Polo Sr. Alcalde en funcións, D. José M. Constenla Carbón, tráese fóra da orde do día desta sesión a proposta verbal de cambiar a data de celebración da próxima sesión ordinaria, a cal debería de celebrarse o vindeiro día de 6 de setembro (primeiro xoves de cada mes), pero, por causas dunha viaxe institucional do Sr. Alcalde e outros membros do grupo de goberno, propón que se celebre o día 13 do mesmo mes.

Sometida a urxencia a votación, esta é aprobada por unanimidade.

A continuación as voceiras dos grupos políticos de PSdeG-PSOE e MÓVETE, mostran a súa conformidade con dita proposta.

Finalmente, a proposta é sometida a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto que as sesións do Pleno celébranse todos os primeiros xoves do mes, de

Concello da Estrada



forma periódica, segundo acordo plenario de 18/06/2015.

Visto que a próxima sesión ordinaria a celebrar polo Pleno sería o día 6 de setembro de 2018, coincidindo cunha viaxe institucional dalgúns dos membros do grupo de goberno.

ACORDAMOS:

Establecer como data para a próxima celebración da sesión ordinaria do Pleno desta corporación, o día 13 de setembro de 2018, ás 21:30 horas.

Ante a pregunta do Sr. Presidente se hai algunha outra proposta para incluír fóra da Orde do Día, a voceira do Partido Socialista, Dna. Belén Louzao, pide que sexa tratada a moción que se trata de seguido:

FÓRA DA ORDE DO DÍA: Expediente 4425/2018. MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN Á VESPA VELUTINA

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A **Sra. Louzao** xustifica a urxencia da moción que presenta o seu grupo político, en relación á vespa velutina, en que se trata dun problema que está a suceder nestes días e, por esa razón, non pode esperar a ser sometida á correspondente Comisión Informativa e despois esperar ao Pleno de setembro; ademais trátase dun tema de plena actualidade en toda a xeografía galega e que está afectando perigosamente non só á produción apícola senón a outros sectores agrícolas, ademais de estar provocando mortes por ataques ás persoas. Polo anterior, considera que débese tratar nesta sesión plenaria de maneira urxente.

Sometida a urxencia a votación, esta é aprobada por unanimidade.

A voceira do grupo socialista, **Dna. Belén Louzao**, procede a expoñer a moción presentada con data 02/08/2018 (2018-E-RPLN-4), relativa á vespa velutina e que se transcribe literalmente de seguido:

“A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da avéspera velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e, principalmente, da poboación de abellas melíferas. Estamos ante un problema que, a pesares dos esforzos realizados, segue de plena actualidade.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala ao norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

As características desta especie foránea, substanciadas nun gran tamaño e agresividade, convértena nunha depredadora da “apis mellifera”, a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos que se vén desbordados por esta continxencia, e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socioeconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.



A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solución 2 velutina pasan pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

As condicións climatolóxicas deste inverno-primavera de 2018 resultaron ser favorables para a expansión desta especie tan daniña para as abellas produtoras de mel. Apesares dos esforzos realizados non se reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin o número de reinas procreadoras, como viña sucedendo nos derradeiros anos, polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade da velutina.

Por estas razóns é imprescindible redobrar e canalizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

a) O trampeo masivo deberá comezar no mes de febreiro, a máis tardar, cando as temperaturas aumenten, debendo comezar polas zonas máis cálidas da comunidade autónoma e ir avanzando progresivamente cara ao resto de Galicia.

b) A potenciación da investigación é imprescindible, tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.

c) O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados nesta loita. Por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido asociativo apícola galego é de gran interese para atopar as mellores fórmulas de extinción e control da praga.

d) Coñecer as características da praga por parte da poboación implica un labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata a poboación en xeral. Por outro lado, o coñecemento das características da velutina, comportamentos individuais e colectivos, particularidades de niños e todo aquilo que supón un coñecemento certo desta praga é fundamental para as persoas que teñen a misión de extinguíla de aí que a formación específica do persoal que ten que eliminala é tan fundamental como necesaria.

e) Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva, a levar adiante antes do verán, para evitar un incremento do número de niños primarios para axudar no control de individuos.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal do Concello da Estrada esta MOCIÓN, e propón a adopción do seguinte ACORDOS:

1º.- Que o Concello da Estrada:

a) Manifeste a súa intención de sumarse á plataforma Stop Vespa Velutina Galicia, ao entender que se debe poner en marcha una estratexia global de investigación e de loita preventiva. Comprométese a realizar as xestións pertinentes con este fin e a colaborar coa citada Plataforma.

b) Respalde o documento elaborado no seno da Plataforma Stop Vespa Velutina Galicia, no que se esixe á Xunta e ao Ministerio de Medio Ambiente que impulsen a investigación, e a loita preventiva contra esta especie.

2º.- Instar ao Goberno galego a:

a) Intensificar o trampeo, comezando en tempo; de febreiro a abril, nas zonas máis cálidas e, de marzo a maio, no resto da comunidade.

b) Afrontar o custe da compra de 50.000 trampas, máis o atraente necesario para que este mecanismo sexa efectivo.

c) Facer unha campaña informativa e divulgativa de como utilizar os medios para a erradicación deste insecto.

- d) *Establecer quen ou os que deben colocar as trampas para realizar o trampeo masivo.*
- e) *Dotar unha partida orzamentaria suficiente para afondar na investigación, co fin de atopar e/ou mellorar os sistemas de erradicación desta especie.*
- f) *Establecer axudas directas para facerlle fronte aos danos causados pola vespa asiática na cabana apícola.*
- g) *Abrir a comisión de seguimento aos representantes do sector apícola.”*

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para transmitir o seu apoio á anterior moción por considerar que todos os esforzos son poucos para poder loitar e erradicar a vespa velutina, a pesares de que non tivo ocasión de poder estudar a moción presentada, xa que non tivo acceso a ela.

Intervén o **Sr. Presidente**, manifestando a súa conformidade coa moción que se trata neste punto, ao igual que se fixo noutra sesión plenaria, na cal se elaborou unha moción conxunta e que tiña como finalidade loitar contra esta especie que tantos problemas está a provocar en Galiza así como tamén no país veciño, Portugal, polo que considera que deberíase instar ao goberno portugués para que tome as medidas pertinentes para erradicar a vespa velutina. Continúa dicindo que se trata dunha praga que está a danar significativamente a produción da mel galega.

Polo anterior propón que, no acordo que se adopte, se inste á Xunta de Galicia e ao goberno do estado para que contemplan a creación de partidas orzamentarias con destino á creación de liñas de investigación que permitan adoptar medidas biolóxicas e materiais de loita contra a vespa velutina, ademais de outorgar axudas ás producións apícolas que tantas perdas están a sufrir, así como a celebración de xornadas informativas sobre medidas de loita contra esta especie e dirixidas aos veciños, agricultores, produtores de mel, etc.

Para finalizar, o Sr. Presidente desta sesión felicita ao grupo de emerxencias pola súa labor na retirada de niños de vespas velutinas no noso municipio.

Pide a palabra a **Sr. Belén Louzao** para, en primeiro lugar, desculparse coa voceira de Móvete, xa que a moción que se trata foi presentada na sede electrónica para a súa inclusión como urxente nesta sesión, non dando tempo a remitila aos outros voceiros. En segundo lugar, aclarar que na súa moción xa está recollido que se inste aos gobernos galego e do estado para que colaboren na investigación e loita contra a vespa velutina. No que se refire á campaña informativa, insiste en que se sega facendo, pero non só a nivel local, senón tamén a nivel autonómico, e que a Xunta de Galicia colabore na colocación de trampas e na investigación.

Por último, está de acordo coas aportacións á moción feitas polo Sr. Presidente, a pesares de que na moción xa están recollidas.

Finalmente, a proposta é sometida a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE en relación á problemática da vespa velutina.

Visto o debatido nesta sesión plenaria.



ACORDAMOS:

Primeiro.- Que o Concello da Estrada:

a) Manifeste a súa intención de sumarse á plataforma Stop Vespa Velutina Galicia, ao entender que se debe poner en marcha una estratexia global de investigación e de loita preventiva. Comprométese a realizar as xestións pertinentes con este fin e a colaborar coa citada Plataforma.

b) Respalde o documento elaborado no seno da Plataforma Stop Vespa Velutina Galicia, no que se esixe á Xunta e ao Ministerio de Medio Ambiente que impulsen a investigación, e a loita preventiva contra esta especie.

Segundo.- Instar á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal) do Goberno de España, para:

a) Intensificar o trampeo, comezando en tempo; de febreiro a abril, nas zonas máis cálidas e, de marzo a maio, no resto da comunidade.

b) Afrontar o custe da compra de 50.000 trampas, máis o atraente necesario para que este mecanismo sexa efectivo.

c) Facer unha campaña informativa e divulgativa de como utilizar os medios para a erradicación deste insecto.

d) Establecer quen ou os que deben colocar as trampas para realizar o trampeo masivo.

e) Dotar unha partida orzamentaria suficiente para afondar na investigación, co fin de atopar e/ou mellorar os sistemas de erradicación desta especie.

f) Establecer axudas directas para facerlle fronte aos danos causados pola avespa asiática na cabana apícola.

g) Abrir a comisión de seguimento aos representantes do sector apícola.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao goberno de Portugal.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 18 E O 29 DE XUÑO DE 2018

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 18 e 29 de xuño de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-733 ao número 2018-787 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE XULLO DE 2018

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



os días 1 e 15 de agosto de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-788 ao número 2018-849 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda a voceira do partido socialista, **Dna. Belén Louzao**, para preguntar se se ten avanzado algo en relación ás captacións de auga en Codeseda.

O **Sr. Presidente**, lle contesta que si, xa que o pozo está en funcionamento dende hoxe, despois de substituír a súa bomba, considerando que este traballo non é máis que o inicio para solucionar o problema da auga nesta parroquia, xa que se está a traballar na busca dalgún outro manancial para reforzar o subministro ao depósito. Ademais, di que se fixo un estudo para mellorar as minas tradicionais e se está a buscar o financiamento necesario para acometer as obras de aproveitamento da auga no monte de A Grela.

A **Sra. Louzao** di que lle parece moi axeitado a realización dese estudo, xa que se trata dun problema que se repite todos os anos nesta zona e, polo tanto, é necesario darlle unha pronta e definitiva solución, parecéndolle unha escusa lamentable que diga que o Concello non ten orzamento para acometer as obras derivadas dese estudo e que ten que buscar financiamento, xa que o grupo de goberno ten liberdade para utilizar o millón douscentos mil euros que a Deputación de Pontevedra lle da, sendo necesario soamente a redacción dun proxecto, polo que o único que é necesario é que se priorice as necesidades dos nosos veciños. Polo anterior, espera que se solucione, dunha vez por todas, o problema da auga en Codeseda.

Continuando no tema da auga de Codeseda, lembra que no colexio existe un problema na traída de auga, de feito é coñecedora que un particular cedeu a súa traída para o uso do centro, non sabendo se está a funcionar ou non.

Lle resposta o **Sr. Presidente** que é coñecedor dende onte desta cesión, e se procederá a efectuar o estudo de viabilidade desta traída ou manancial.

Pregunta a **Sra. Louzao** sobre a situación das beirarrúas no rural, de feito a que vai dende Liñares á Estrada están chea de maleza, polo que lle gustaría saber se hai algunha planificación para subsanar estas deficiencias e se se está a reorganizar o traballo de desbroce co fin de limpar as beirarrúas en moitas parroquias e que dificultan o paso dos peóns.

O **Sr. Presidente** lle resposta que se está traballando nese tema, de feito xa se limparon as de Souto e se están a arranxar as de Lagartóns, e, proximamente, se limparán as de Consolación, Codeseda, etc.

A **Sra. Belén Louzao** traslada a petición dos veciños de Xerliz para que se arranxe a ponte que cruza a Sandán, xa que está invadido pola maleza impedindo o paso dos vehículos.

Tamén prega que non se descoide o casco urbano en canto á limpeza de maleza que invaden as beirarrúas e, a este respecto, pregunta se dende o Concello se enviaron requirimento aos propietarios das fincas para que procedan ás súas limpeza, xa que na Avenida Benito Vigo (do cruce da rúa Castelao en dirección á



“Petiscos”) as silvas que sobresaen dun solar están xusto á altura da cabeza dos viandantes.

O **Sr. Presidente** lle di que lle contestará por escrito, xa que neste momento non sabe como está a situación actual, pero aclara que el mesmo deu a orden fai unha semana para que se cortaran as silvas nesa zona, así como noutras, sen embargo, se lle requirirá aos propietarios desas fincas para que procedan á súa limpeza.

Pide a palabra o concelleiro do PSdeG-PSOE, **Sr. Rendo Araujo**, para informar que nas parroquias de Oca e Orazo non hai alcaldes de barrio e, por este motivo, traslada a petición dos veciños para que se revisen as farolas en Oca de Arriba (á beira da igrexa). Tamén pide que se informe aos veciños destas dúas parroquias da intención de nomeamento de novos alcaldes de barrio para que poidan exercer o seu dereito de participar na súa elección.

Pide que non se esqueza a petición feita nunha anterior sesión plenaria sobre o arranxo dunha cuneta no Pazo de Oca e, tamén, que se arranxe a auga que cae na pista que vai a piscifactoría en Riobó.

Lle resposta o **Sr. Presidente** que se procederá aos novos nomeamentos dos alcaldes de Barrio de Oca e Orazo. Tamén di que se transmitiu ao vixiante da Deputación da existencia desa caída de auga na pista de Riobó, xa que a situación é causa do arranxo da estrada da súa titularidade que transcorre pola zona.

Inicia a súa quenda a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para, en primeiro lugar, deixar constancia e pregar que se actúe en consecuencia co caos circulatorio e falta de seguridade vial na rúa Rosalía de Castro.

Transmite a denuncia dos veciños da anterior rúa sobre a deficiencia na recollida de lixo, polo que roga que se solucione este problema, o cal tamén se estende á rúa Gradín e ao final da Avenida de Santiago.

Reitera a petición feita xa na anterior sesión plenaria sobre a necesidade de limpar o solar abandonado sito na rúa de Marín, onde se atopa tamén unha vivenda en ruínas, xa que a maleza que nel existe está invadindo os solares dos veciños colindantes, preguntando se se fixo algún requirimento ao propietario.

Traslada a necesidade de proceder ao repintado en varias zonas do caso urbano dos pasos de peóns existentes sobre os lombos de burro e borrado dos vellos.

Pide que se actúe con máis eficiencia no desbrozado do rural, en concreto nas beirarrúas de A Consolación e na estrada que vai de Ponte Ulla á Estrada (que aínda que este vial non é de titularidade municipal, que se fagan as xestións para requirir a súa limpeza).

Di que nestes días se desbrozou o camiño que vai dende o casco urbano a Ouzande, sen embargo esqueceuse de limpar a maleza que cubre un banco na rúa Manuel de la Calle, así como o tramo que vai dende esta rúa a Ouzande.

Traslada a petición dos veciños de Oca para que se arranxe unha fonte sita no lugar de Rendo, xa que non ten auga.

En relación á necesidade de canalizar a auga dende o Pazo de Oca ao camiño da Torre da Barreira, pide que se vaia por alí para solucionar o problema da auga que corre por ese vial e que deteriora a pista municipal, así como que se proceda a canalización de auga antes do vindeiro inverno.

Roga que se coloquen contedores de papel en Riobó, previa solicitude dos seus veciños, así como na necesidade dun contedor amarelo para o lugar de Besteiros da mesma parroquia.

Pide que se actúe en consecuencia sobre a existencia dunha praga de ratas na Avenida de Vigo.



- A Continuación a Sra. Mar Blanco formula as seguintes preguntas:
- Se este Concello solicitou axuda con cargo á unha convocatoria da Xunta e dirixida ao fomento do equilibrio territorial, revitalizar o rural e mellorar o entorno urbano (Plan Uber).
 - Cales son os programas de dinamización da lingua galega que se van a executar dende o Concello e para os que recibimos unha subvención de oito mil euros por parte da Deputación.
 - Se se solicitou subvención para fomentar o uso da lingua galega á Secretaría Xera de Política Lingüística.
 - Se se solicitou a subvención para fomentar a lectura na Casa das Letras.
 - Se existe un plan de prevención e actuación contra os incendios forestais, recalcando a necesidade das brigadas contra incendios desbrozaran os cortalumes do monte Cábado.
 - Con respecto á ruta de senderismo Ximonde - Xirimbao, pregunta sobre a previsión do itinerario e execución do proxecto.
 - Tamén quere saber sobre a área recreativa e de acceso á ponte de Pontevea, xa que nunha anterior sesión plenaria díxose que se ía a solicitar unha subvención de 20.000 euros a través de "Rede Natura", polo que lle gustaría saber os trámites que se están a levar a cabo.

En contestación ao anterior, o **Sr. Presidente**, comeza dicindo que, con respecto ao rogo formulado en relación á rúa Rosalía de Castro, cre que se está a referir á existencia dun muro, pero lle comunica que este é privado e sostén unha parcela superior, polo que non se pode tocar.

En canto á rúa Marín, lle confirmará se o requirimento aos herdeiros dos propietarios da finca xa se lles cursou.

No que respecta ao repintado dos pasos de peóns, di que se está a facer.

No relativa á limpeza e desbrozado no tramo da rúa Manuel de la Calle a Ouzande, comunica que xa estaba previsto levar a cabo a súa limpeza.

Ao rogo sobre a fonte de Rendo - Oca, o problema existente é que non hai auga, non que non funcione a fonte.

Sobre a solicitude dun contedor de papel para Riobó, infórmalle que xa hai un no campo da festa.

Á petición para actuar na eliminación da praga de ratas na Avda de Vigo, di que llo comunicará á empresa de desratización para que vaian por esa zona.

Á pregunta sobre a solicitude de subvención para a dinamización do galego, di que lle pasará a memoria enviada á Deputación, onde poderá ver todo o traballo que se fai en prol do galego (premios de novela e poesía, teatro do rural, etc).

Con respecto á dinamización de lectura na Casa das Letras e solicitude de subvención á Secretaria de Política Lingüística, lle di que xa a informará, porque neste momento non ten datos.

No relativo ao plan de prevención de incendios, informa que existe un, ao mesmo tempo que lle informa que as brigadas de incendios teñen un plan para o desbroce dos cortalumes e, como xa está aprobado, non se pode engadir máis zonas, polo que hai que esperar a un próximo proxecto, sen embargo se están a facer polos traballadores nos seus ratos libres.

Sobre a ruta de senderismo Xiamonde - Xirimbao, informa que está dentro dun proxecto do plan EDUSI e, na actualidade, se está a elaborar a planimetría en colaboración coa Xunta e o Concello de Teo, xa que a zona a acondicionar afecta a terreos de titularidade dos anteriores organismos e do noso concello tamén, de feito solicitouse a subvención de 20.000 euros, pero non foi concedida porque, como dixo antes, o acondicionamento da ruta afecta a terreos que non son de titularidade municipal.

A **Sra. Mar Blanco** di que mañá pasará polo Concello para recoller o plan de



desbroces da Brigada de Incendios e do programa de dinamización lingüística, quedando pendente que lle facilite información sobre se se solicitou subvención para a Casa das Letras e para a promoción da lingua galega á Secretaria Xeral de Política Lingüística.

En canto ao contedor de papel en Riobó, di que se os veciños queren máis contedores se lle deberían facilitar, porque débese fomentar a reciclaxe.

Sobre o desbroce de a rúa Manuel de la Calle, non cre que os operarios volvan alí como di o Sr. Presidente, máis ben cre que o deixaron atrás cando se fixeron os traballos nesa zona, polo que se lles debe avisar.

Insiste na toma de medida para incrementar a seguridade vial na rúa Rosalía de Castro, e se o muro privado existente non se pode mover, entón que se adopte outro tipo de accións.

Ao anterior, o **Sr. Presidente**, reitera que é sabedor que van a volver os traballadores municipais a desbrozar na rúa Manuel de la Calle así como a outros puntos de Ouzande.

Sobre o contedor de papel en Riobó, di que lle pasará aviso á empresa responsable para que coloque outro contedor.

No referente á seguridade vial na rúa Rosalía de Castro, aclara que non dixo que non se ía a tomar as medidas pertinentes, só que se farán os estudos necesarios coa policía local para ver como se fai para acondicionar e mellorar esa rúa, tendo en conta a problemática que plantexa a existencia do muro de contención privado.

A continuación, pregunta se hai algunha persoa do público que queira formular algunha pregunta ou rogo ao Pleno, en aplicación do Regulamento de Participación Cidadán, e, non habendo ningunha intervención, se procede a levantar a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE